

TERRAS DE CAMBADOS

Ramón Caride

Unha iniciativa de



co apoio de



REALIDADES OU LENDAS

Na comarca, os máis vellos do lugar contan aínda esta lenda: cando o diaño tentou a Xesús Cristo no seu retiro, ante a impotencia dos seus ofrecementos, terminou por prometerlle o mundo enteiro se o adoraba, culminando a súa oferta, tras mostrarlle as marabillas do universo, con esta frase, *“Si postrado me adorares, todo esto te daré, excepto Cambados, Fefiñáns y San Tomé”*. Non deberíamos deducir, con todo, que os cambadeses, do mesmo xeito que os Rolling Stones, profesan algunha sorte de simpatía polo diaño. Nin tampouco que todos os demos falan castelán, nun puro exercicio de maniqueísmo diglósico. Así e todo, deste antigo relato podemos extraer, cando menos, dúas conclusións. Primeira, que os cambadeses están orgullosos da súa terra, ata o punto de incluíla entre os mitos fundamentais do cristianismo, e como veremos non lles faltan razóns; segunda, que Cambados non é único, senón plural. Pois tres son, como mínimo, os lugares que o visitante chama Cambados e que, pola contra, os cambadeses diferencian con claridade meridiana, a saber: Fefiñáns, Cambados e Santo Tomé.

Se o visitante accede a Cambados polo novo enlace coa autovía do Salnés e a autoestrada A-9, gozará dun espectáculo privilexiado: os viñedos da denominación de orixe Rías Baixas, verde esmeralda na primavera, avermellado no outono, ou espidas cepas na invernia. Os emparrados, altos postes de pedra e arame, esténdense, como outro mar, sólido e rectilíneo, ante os nosos ollos, como precisas arquitecturas que sosteñen alto o orgullo das rías: o viño branco da variedade albariña, un dos mellores e máis premiados viños brancos do mundo, de sabor certamente non menos prezado que o seu eufónico e poético nome. Pois foi outro poeta evocado polo mesmo nome do viño, don Álvaro Cunqueiro, a cuxa simple mención non é mester engadir cousa ningunha, un dos primeiros mentores do albariño, ao que proclamou príncipe dourado dos viños, cando este caldo aínda era patrimonio oculto dos recónditos fogares aldeáns, nos albores dos anos cincuenta. E o mar sempre, Cambados está metido no mar, e o mar marca a paisaxe de Cambados, as espectaculares secas, os solpores vermellos e irrepetíbeis deste fondo da ría de Arousa, e sobre todo, o sustento cotián de mariscadoras, bateeiros e pescadores, de cerco e de altura.

Porque Cambados é mar, e é viño e é poesía; non necesariamente nesta orde consecutiva, senón, antes ben, nunha perfecta e sincrónica simbiose.

VIÑO E POESÍA

Talvez algunha destas razóns poida explicar a estraña fascinación que este privilexiado recuncho de Rías Baixas esperta en propios e estraños, esta particular combinación de amor e odio que non transixe coa indiferenza, nin sequera, en ocasións, coa autocompracencia.

Por poñer un exemplo, o gran Ramón Cabanillas -probablemente a voz máis singular e totalizadora da poesía galega deste século que despedimos hai poucos anos- dedicou á súa paisaxe nativa as fermosas palabras que podemos ler, gravadas en pedra, no seu monumento no paseo da Calzada cambadés:

*A ti, meu Cambados, probe e fidalgo e soñador
que, ó cantareiro son dos pinales
i ó agarimo dous teus pazos lexendarios,
dormes deitado ó sol, á veira do mar.*

Dedicatoria esta dos seus míticos libros *Vento mareiro* e *Da terra asoballada*; pero non é menos certo que estes mesmos libros conteñen versos máis implacábeis con esta vila na que o vate abriu os seus ollos á luz primeira: *¡Vila morta, vila morta, / artesana e mariñeira, / na que me criéi!...* O propio Cabanillas arrastrou toda a súa vida esta ambivalencia, combativo na súa terra contra as súas lacras seculares -o caciquismo, o desarraigo, a prepotencia das súas clases dirixentes, a submisión das humildes-, a estrañouna ata a dor cando estivo lonxe. Tal é a condición do cambadés, ou do cambadómano, adxectivos que son, con frecuencia, coincidentes. Todo aquí, á vista está -e a vista desprégase sobre os dons da natura e as xentes- pode desatar paixóns. Mesmo o viño.

Arredor do albariño, que se non é un viño exclusivo de Cambados, certamente si que é promocionado e coidado -mimado, para ser máis precisos- en Cambados máis que en lugar ningún da xeografía, celébrase, todos os Agostos, unha das festas maiores de Galicia. A Festa do Albariño, unha das máis antigas da península dedicada a un viño, está perdendo na actualidade, agardemos que non definitivamente, o carácter marcadamente cultural dos seus inicios para converterse nunha celebración lúdica e multitudinaria que transforma radicalmente por uns días as tranquilas rúas de Cambados nunha algarabía festiva e multicolor.

Se o visitante coñece Cambados nestas datas e retorna, ou viceversa, non deixará de advertir o contraste.

De rigor, en calquera caso, é a visita a calquera das múltiples adegas, sexa ás modernas industrias ou ás pequenas adegas artesanais, ou aos *loureiros* ou *furanchos*, onde a elaboración do viño albariño segue sendo unha arte familiar, para catar *in situ* o prezado ouro líquido do Salnés.

OS TRES LUGARES DE CAMBADOS

O centro neuráxico de Cambados é o Pazo de Fefiñáns, coa súa praza, que forman un conxunto certamente espectacular, a postal por excelencia. Fefiñáns é tamén para os cambadeses o núcleo habitado en torno á praza do mesmo nome, praza que foi mercado e antes patio de armas do pazo que aínda a abraza e caracteriza, malia a ruptura da súa orixinal idea unitaria e do anacrónico tráfico rodado que a atravesa e desfigura. Cambados, o segundo lugar, o que dá nome ao conxunto, situábase orixinalmente perto da actual casa do concello, a cuxos pés chegaba o mar aínda hai poucas décadas. Santo Tomé do Mar, ou Santomé, o terceiro, mantén o carácter mariñeiro nos seus calellos apertados, penetrando no mar por unha recente ponte de pedra, que termina nos restos da torre de San Sadurniño, pintoresca paraxe na que non custa imaxinar as pantasma de dona Xoana de Castro, abandonada polo rei Pedro I o Cruel trala noite de vodas, ou de dona María de Hungría, suspirando polo seu namorado Paio Gómez de Soutomaior. Con razón este lugar foi chamado *Torre de Namorar* por outro poeta, esta vez da irmá ría de Vigo, Emilio Álvarez Blázquez.

Pero existen outros Cambados que estenden o seu verde vexetal e o seu gris de pedra ao redor deste triplo núcleo Fefiñáns-Cambados-Santomé, son os outros lugares: Corbillón, Vilariño, Oubiña... E Castrelo, alén do Umia, camiño xa da Lanzada, unha das praias máis famosas de Galicia, atractivo turístico senlleiro, prodixio da area milagrosamente conservada e rexenerada, tómbolo que une O Grove á terra firme desde hai uns poucos séculos, pechando polo sur este espazo único de ría de Arousa, ou *mar da Arousa* -en palabras do poeta Fermín Bouza-Brey- *envexa de solpores e de mares*. O solpor é o crepúsculo singular na ría coa súa luz única, onde conflúen todos os matices máis cálidos da cor. Son famosos os poéticos solpores de Cambados, xa dixemos, case tanto como o viño albariño.

Porque son múltiples as referencias ás que podemos acudir para falar de Cambados, pero razóns de espazo obrigan a cinguirnos a unhas poucas: a poesía, o viño -froito predilecto da terra-, o mar e a fecundidade dos seus produtos, a pedra e as súas formas. Para rematar, e non menos importante, senón base e soporte de todo, a xente; pois non existe paisaxe estábel se non hai xente que a habite e manteña vivindo dos seus recursos e asegurando, ao tempo, a súa continuidade, en permanente simbiose entre poboación humana e medio; ou sexa, isto quedaría incompleto sen outro elemento esencial: os homes e mulleres do Salnés.

O SALNÉS

Pois o Salnés -*a terra salinensis*, como foi bautizado en lingua latina este val- conserva aínda raíces máis antigas, célticas, nos seus topónimos, como na propia palabra Cambados; e o Salnés é o substrato no que Cambados florece como un dos froitos escollidos deste privilexiado mosaico de mar e terra entrelazados que forma as Rías Baixas. O val do Salnés forma unha acolledora repisa de suaves ondulacións, mansas como o mar que a orla, delimitada polos montes de Xiabre, Lobeira e Castrove, fermosos miradoiros que permiten apreciar nunha soa ollada a maxestividade do val e da ría, é o solar no que Cambados asenta.

E se grande no Salnés é o papel da pedra feita arte, e o do chan fértil, que se encarna no viño e nas feraces hortas e floridos xardíns, non é menor a importancia do mar. Unha das estampas que non deixa de sorprenden, sobre todo se o visitante é persoa de interior e prolonga o seu paseo preto do mar un tempo, é a das espectaculares mareas. A baixamar, a *seca* na terminoloxía popular, descobre enormes extensións do fondo mariño case chan cubertas de argazo onde repousan as embarcacións temporalmente abandonadas polo mar.

Nas secas correspondentes ás mareas vivas é posíbel chegar camiñando, segundo aseguran os cambadeses, desde a torre de San Sadurniño, en Santo Tomé, ata a nomeada illa da Toxa, situada na súa fronte. Pero, aínda que posíbel, tal paseo non é aconsellábel, pois na marea alta o mar recupera o seu territorio de forma repentina entre velozes correntes. Se o visitante é de espírito poético e melancólico, asistirá tamén na seca á decadente beleza dalgunha dorna, o tipo máis tradicional de embarcación pesqueira, que desintegra lentamente o seu

esqueleto de madeira, devorada polo verde lodo e o abandono, como un tributo máis a estes tempos de uniformización e velocidade.

TANTO MAR

No mar están outros recursos fundamentais das Rías Baixas, que lle dan xusta fama: a pesca e o marisqueo. A singularidade destas augas, mestura única de características oceánicas e continentais, con particulares correntes e continuas mareas renovadoras, proporciona hábitat propicio a multitude de especies que son manjar exquisito, e isto non é esaxeración por máis que sexa tópico: desde o abundante mexillón, cultivado en parques de bateas que son, en si mesmos, unha fermosa paisaxe á que os actuais catamaráns turísticos permiten acceder, ata un marisco singular e non tan estendido: a vieira, saborosísimo bivalvo de conchas asimétricas con diferente aplicación -a valva plana para revestir vivendas e illalas da humidade, como é ben visible na ermida da Toxa; mentres que a valva cóncava, usada como recipiente, chegou a ser, no correr dos séculos, un dos símbolos xacobeos por excelencia, distintivo dos peregrinos-. Vieira que en moi poucos lugares, aparte de Cambados, pode ser degustada, igual que o seu parente de menor tamaño, a zamburiña; porque, malia a súa evidente estética, o importante destes moluscos non é o continente, senón o contido. Se o visitante os proba, por forza coincidirá niso. Dos crustáceos e peixes da ría, capturados aínda con ancestrais artes tradicionais de pesca, como as nasas, cabería dicir outro tanto, pero non sairiamos da gastronomía nesta exposición, e xusto é sinalar que Cambados ofrece moitas máis cousas.

PEDRA VIVA

Ofrece, por exemplo, unha arquitectura diversa, representativa de todas as tipoloxías construtivas, tradicionais e cultas, da Galicia litoral, desde as pequenas casas mariñeiras asentadas nos pelouros graníticos, como as situadas fronte á igrexa de San Francisco, vivendas de patín ou escalinata exterior que permite acceder á planta principal, reservando o baixo para os trebellos de pesca -casa con patín é a casa natal de Cabanillas en Fefiñáns- ata as casas fidalgas de escudo e ornamentos en

pedra, culminando nos pazos, dos que Cambados mostra sobrados exemplos, completos conxuntos construtivos que na súa forma orixinaria foron explotacións autosuficientes -segundo o dito, non podía falarse de pazo se non había hórreo, capela e pombal- que aínda manteñen hoxe, nalgúns casos, parte do seu territorio e características.

Destas xoias da fidalguía, que mostran intenso contraste coas pequenas casas de labregos e mariñeiros, baste citar tres, pois a simple enumeración sería longa. O pazo dos Figueroa, o *palacio* a secas para os cambadeses, o da praza de Fefiñáns, que por si só merecería capítulo á parte, cos seus dous corpos do século XVII con torres ameadas e redondas balconadas, o seu arco aínda hoxe conservado, único supervivente dos que cercaban a primitiva praza, os seus orixinais escudos con sereas -que fan referencia a outra fermosísima lenda, a do guerreiro rescatado da morte pola doncela anfibia coa que procreará a súa liñaxe-, a súa igrexa -a de San Benito, coa garda pétrea dos seus Balboas-, as súas murallas que rodean xardíns e hortas, a súa Torre da Homenaxe exenta -onde don Juan Sarmiento de Valladares mandou escribir en pedra prudentes consellos que comezan con este: *Conócete a ti mismo*-, e ata o seu propio bosque no corazón da urbe. Outros dous pazos, nos que o visitante reparará, son o dos Ulloa en Cambados, camiño do monte da Pastora; e o de Montesacro, en Santomé, que segue mirando ao mar como outrora, convertido hoxe en asilo de anciáns.

E toda esta arquitectura, ou case -pois hai meritorias excepcións como o edificio da Xuventude, preto da igrexa parroquial, ou a casa modernista da rúa Real, recentemente restaurada, na que habitou un tempo outro xenio das letras, nativo da próxima Vilanova de Arousa, don Ramón María del Valle-Inclán, nas que campaba o tixolo vermello- é labor de pedra, artesanía do granito traballado manualmente polos canteiros que converteron fachadas, muros, arcos, balcóns ou relevos en filigranas que o tempo e a humidade van cubrindo dunha pátina escura, que resalta aínda máis a súa beleza, pois en materia de pedra a vellez non é demérito.

Tampouco hai obra menor, non o son os múltiples cruceiros que se descubren en cada recuncho da vila e as súas parroquias, nin o son os lavadoiros colectivos con cuberta de tella, por citar dúas evidencias máis das bondades da pedra. Traballo humano e pedra foron sempre unidos no Salnés, baste citar os milenarios petróglifos gravados na Pedra do Cribo no próximo Monte Castrove, veciño á súa vez de outro prodixio da pedra, o mosteiro da Armenteira, onde san Ero, o santo máis poético do santoral, se detivo para escoitar o canto dun paxaro, advertindo a súa distracción cando xa transcorreran douscentos anos.

Pois non é sinxelo, en Cambados, escapar ao encanto da poesía. Nin ao da pedra, nin sequera a arquitectura simplemente funcional escapa á súa suxestión: boas probas diso son o primitivo peirao de pedra de Cambados, o muíño de mareas da Seca, en Corbillón, ou a antiga fábrica de conservas Peña, situada en lugar privilexiado no novo paseo marítimo. Ao final deste paseo, que se estende desde Santo Tomé ata A Calzada, o centro comarcal entre o parador de turismo e o concello, ten a Ramón Cabanillas, en efixie, como porteiro, e é un bo escaparate do Salnés -a historia, o medio natural, o viño e a cultura- que pode introducir o visitante nas súas claves.

OS ARREDORES

Poucas cousas, con todo, tan estilizadas e perfectas na súa simplicidade, máis que mineral orgánica, que os arcos espidos das ruínas de Santa Mariña do Dozo, *dorsum* ou outeiro, que foi o primitivo solar de Cambados, arcos que, en palabras de Cunqueiro, *sosteenen o aire*, e con que eficacia. Desde o miradoiro do monte da Pastora, situado neste lugar, pode contemplarse unha fermosa panorámica de Cambados, os edificios intercalados entre o verdor de parras e hortas, O Grove á nosa esquerda, o tranquilo mar de Arousa tendido ante os nosos ollos, e a illa do mesmo nome navegando nel, entre os polígonos de bateas, como un fragmento de litoral desprendido das súas amarras, a medio camiño entre O Salnés e O Barbanza.

Pasado Santomé, ao sur de Cambados, o Umia, río xerador e vivificador do val d'O Salnés, entrega as súas augas ao mar nunha paisaxe de marismas e carrizais, enseada intermareal de intensa sedimentación que continúa ata O Grove por Noalla e O Bao, espazo natural protexido polo convenio de *Ramsar*, pero aínda sometido a múltiples ameazas, e refuxio predilecto de multitude de aves acuáticas -case duascenas especies ornitolóxicas, máis dun terzo nidificantes, están documentadas neste santuario ecolóxico-. Tras alzarse sobre a desembocadura do Umia, a estrada penetra en Castrelo, última parroquia da costa de Cambados -se consideramos Corbillón a primeira-. Orlando a beiramar, érguense aínda as vellas *telleiras*, construcións hoxe abandonadas, a última hai só unha década, que foron obradoiros artesanais para a elaboración de tella e tixolo que logo eran transportados polos *ghaleóns*, grandes embarcacións de madeira a vela, a toda a ría. Como curiosidade, apuntemos que a

materia prima, o barro, era extraído tamén do fondo mariño desta mesma enseada durante a seca.

En Castrelo, se o azar e o tempo se confabulan ao seu favor, e o viaxeiro dispón de ánimos para emprender un labor de detective que terá a súa recompensa, pode intentar a localización dun lugar singular: o taller e museo ao aire libre do escultor Manolo Paz, natural desta parroquia. Non deixará de advertir que aquí as pedras, liberadas das penurias urbanas, respiran con absoluta liberdade -como diría o propio artista- no seu hábitat máis propicio, entre a auga, a terra e os piñeiros. Idéntica sensación, e parecidas dificultades, experimentará o visitante noutro espazo privilexiado, o miradoiro de San Cibrán, no próximo concello de Meaño. Como Francisco Leiro e moitos outros, os escultores do Salnés crean formas e mundos de pedra que beben das fontes da tradición, tralo ronsel do gran escultor cambadés de principios de século, Francisco Asorey, poeta da pedra como o seu paisano e amigo Ramón Cabanillas o foi das palabras. Entre os pintores, ningún tan cambadés, como Lino Silva, porque ser cambadés, certamente, é unha forma de sentir o mundo e non só de representalo.

Chegados a este punto, posto que dos nosos artistas contemporáneos falamos, faise forzoso pedir desculpas aos non nomeados, e aínda expoñerse ás súas iras máis que xustificadas, pois os artistas do Salnés, novos e veteranos, son lexión, e a súa calidade non desmerece da cantidade. Pequemos, pois, por omisión e por escrito, que non de pensamento, con todos os nomes ausentes, apelemos á súa benevolencia, e deixemos ao visitante a grata tarefa de descubrir por si mesmo as súas obras.

OS CAMBADESES

E chegamos ao cuarto vértice deste rápido esbozo: a xente. Os cambadeses son donos dunha particular idiosincrasia, que os caracteriza aínda entre os seus veciños de Ribadumia ou Vilagarcía, orgullosos, traballadores, emprendedores, arroutados ata o cerne, excesivos para o bo e o malo -hai unha crónica negra ben documentada-, celosos gardadores da súa particular composición espiritual, mestura de virtudes e defectos -tan difíciles de separar como a auga e o viño cando se combinan-, cunha relixiosidade que raia no exhibicionismo; e, con frecuencia, menos conscientes do seu riquísimo patrimonio natural e

cultural do que deben. Xentes, en suma, coas que se pode estar en acordo ou en desacordo, e a miúdo estamos en desacordo os que chegamos de fóra, pero ás que non cabe negar unha forte personalidade. E, se non podemos garantir a exactitude do retrato, non por crítico menos apaixonado, si podemos polo menos acreditar a súa sinceridade subxectiva.

Os cambadeses non viven, con todo, mirando ao seu pasado no que conviven as glorias señoriais e lendarias de pazos, torres e igrexas, ás que aludimos, con realidades esgazadoras, comúns a toda Galicia, como a terrible sangría da emigración masiva, que moitas veces non atopou paraísos alén dos mares, senón fame outra vez -e máis dura por ser fame sufrida lonxe da terra-; e diso dan boa conta coplas populares coma esta, de comezos do século XX, por fortuna felizmente recolleitas e salvadas do esquecemento azaroso da memoria:

*Birbirichos do Serrido
xoubas, castañas asadas,
viño novo de Tragove,
pan agre de milla branca,
cachelos, xurés fritos
¡ quén por acá vos pillara !*

Aclaremos, aínda que o lector talvez xulgue esta aclaración prescindible, que os alimentos citados eran tradicionalmente os das clases baixas, símbolos xa que logo da pobreza, pero polos que o emigrante sen fortuna suspira en terra allea.

Nun coñecido poema, Bertolt Brecht pregúntase con ironía polos autores reais que construíron as marabillas de Tebas ou de Babilonia, se foron os reis cuxos nomes figuran nas inscricións quen arrastraron os grandes bloques de pedra e os ergueron no seu sitio coas súas propias mans. Nós, no Salnés, estamos seguros de que a resposta é negativa, foron as mans artesás dos canteiros e carpinteiros, as mans hábiles das tecedeiras que cosen redes, as mans curtidas de campesiños e mariñeiros as que humanizaron esta paisaxe. Terminemos, pois, cunha homenaxe a estas xentes anónimas e imprescindíbeis, e tamén cunha efeméride, recollida por outro cambadomano, o historiador Dionisio Pereira, que fala do seu carácter emprendedor. O 17 de decembro de 1917, Cambados inaugurou o primeiro *Pósito de pescadores* de todo o litoral español. Porque a batalla por mellorar as condicións de vida e traballo das persoas non é tampouco unha xesta menor, e porque o futuro aberto, sen dúbida,

é o froito inacabado dos soños de cantas xeracións nos precederon nesta andaina.